

430 ANOS DA CAPELA DE SAN BARTOLOMEU

Por Anxo Coya



Foto antiga da capela de San Bartolomeu.

A ermida de San Bartolomeu foi edificada no 1593 e atópase na aldea de Vilariño, na parroquia de Santo André do Hío en Cangas do Morrazo. A súa fundación débese a o matrimonio formado por Juan Lavado e Aldonj;a Franco, moradores en Cangas. Naquel tempo, esta vila identificábase como unha das que promovía unha grande industria de pesca, con labores de salgado e secado do peixe que coa exportación do mesmo, eran un importante aporte económico para os seus habitantes.

Atopámonos pois, que entre os habitantes de Cangas de finais do s.XVI, que coincidiría coa época de María Soliña, consta a estadía do matrimonio de Juan Lavado, de profesión capitán mercader e Aldonça Franco. Podemos intuír que Juan e Aldonça naceron na vila de Cangas a mediados do s.XVI, é dicir sobre o 1550. O primeiro documento que atopamos sobre Juan Lavado descansa no Arquivo Catedralicio de Santiago. Data do 28 de xullo de 1574 e trata sobre o arrendo trianual dos froitos e rendas do beneficio de Santo André do Hío aos mercaderes Juan Lavado e Alonso Franco por valor de 251 ducados cada ano. Era crego e reitor do Hío por aquel entón Juan Calviño. O texto di: */... Arriendo de Vasco Sánchez, clérigo rector del beneficio de San Xoan de Baión, como procurador de Juan Calviño, clérigo, residente en la Universidad de Salamanca, rector del beneficio de Santo André de O Hío, a favor de Juan Labado y Alonso Franco, mercaderes, vecinos de la villa de Cangas, de los frutos y rentas del citado beneficio de O Hío, por tres años, por precio cada año de 251 ducados .../* (A.C.S. P-060).


O seguinte documento do noso protagonista en relación coa parroquia do Hío trata da venta a Juan Lavado duns terras en Nerga por parte dun crego de Cangas chamada Vasco do Seixo. O documento está datado no 14 de outubro de 1587 coa sinatura (DEPOMUSDOC4901-Fondo Sotomayor. UI/Exp. 216/12) e dinos o seguinte: */ ... Sepan Quantos Esta carta de benta cesión E traspasación vieren como yo Vasco do seixo clerigo Vº (vecino) de la villa de congas que soi presente ... bendo E doy En benta por juro E señorío ... para sienpre jamás a vos Juan Labado mErcadEr Vº de la dha villa de Cangas que estays presente E aldonça franca buestra muger que está ausente para vos y ella E buestros hijos y herederos E subçesores ... seys celemines E medio de pan, los cinco medeado centº (centeno) E myjo y el otro celemyn E medio de trigo restante todo Ello ques situado En un lugar que fue myo que se dize de nerga que está sito en la fra (feligresía) de Santrandel (San Andrés) del Yyo (Hío) que al presente traye Rº (Rodrigo) de lemas vº de la dha felegresia do Yyo los quales*

dhos seys celemynes E medio de pan ... vos ha de dar de pagar de rrenta El dho Rº de lemos con otros quinze celemynes de pan medeado ... E una marrana sebada que antes de agora vos tengo bendido y hes situado En el dho lugar de nerga según que dello vos hize escritura de benta delante Ares Correa scrivano .. ./

A información é concisa e específica que antes de esta venta de 6 celemíns e medio xa houbo outra anterior dunha renda de 15 celemíns e unha porca cebada. A renda aforada debía ser entregada por Rodrigo de Lemas no día de San Martiño de novembro.

O 27 de maio de 1588 ante o escribán Ares Correa, o noso protagonista e a súa muller adquiren mediante outro documento de venta uns terras en Xián, Nerga: / *...Sepan quantos Esta carta de benta cesion E traspasacion vieren como yo Juan do Seixo hijo de brme. (Bartolomé) do seixo defunto, vezino de la Villa de cangas que soi presente otorgo E conosco por esta presente Carta que por mi y en nonbre de my muger E de todos mis hijos.... bendo E doi En benta por juro E señorío de hErEdad desde hoi dia de la fecha de esta carta para sienpre jamas a Vos Juan labado mErcader Vº (vecino) de la dha villa de cangas que estays presente E aldonça franca buestra muger questa ausente para vos y ella E buestros hijos herederos E subçesores...bendo ...ocho celemines de pan de rrenta, medeado centº E myjo los quales.... no lugar que se dize de Jian que esta sito en la felegresía de Sanrandel de Yyo En que al presente vive E mora pº (Pedro) doutº (do Outeiro) hijo que fincó de Cadabón de barra E franº (Francisco) bicioso (Vizoso) hijo de afonso bicioso los quales ocho celemines de pan de rrenta vos bendo con la parte de las heredades E propiedades , casas, cortes, montes, E rresios Entradas salidas de dha benta... / .*

Atopamos varios protocolos notariais de Domingo Pérez en 1593, nos que Juan Lavado aparece como "arrendador de las Rentas, de las alcabalas y sisas del Rey Nuestro Señor". Nun deles o capitán, no nome do seu xenro Juan de Dios, pon unha querela a Francisco Suárez de Grado sendo este xuíz de Cangas e a os escribáns Juan da Veiga, Esteban de Cangas ou Álvaro Pérez e trátaos como *enemigos míos, odiosos y sospechosos* (sic). Noutro documento o mareante (armador) Afonso Vidal, querélase contra Juan Lavado e Esteban Franco porque estes denegáronlle a licenza en numerosas ocasións para poder cargar o seu barco de sardiña para ir vendela ao Reino de Portugal.



Descrición dos bens da ermida.

Fundación da ermida:

En 1593, estando Francisco Suárez de Grado como xuíz da vila de Cangas e sendo crego e reitor da parroquia do Hío Gregorio Suárez Parceros, Juan e Aldonça fundan e edifican unha pequena capela na aldea de Vilariño da advocación ao San Bartolomeu. O seu desexo verase consolidado co consentimento do Arcebispado de Santiago. Tivemos acceso co documento que trata da fundación desta ermida e destacamos no seu contexto o seguinte:

"/ ... En la ciudad de Santiago A diez E nueve días del mes de Jullio de mill E quinientos e noventa e tres anos ... Pareció Presente Juan Labado mercader vezino de la villa de Cangas y dixo que su voluntad Hera de Elixir y Llevantar una hermita de la avocacion de señor San Bertolame en la felegresía de santo andres del iyo (Hío) Junto a la aldea de vilariño cerca del Puerto del mar y que para la llevar y Elixir Por una Petizion avía pedido a su señoría el señor don Juan de Sanclemente... que le diese Licencia Para Poder llevarla dha hermita y Redificarla y que En ella se Pudiese dezir misa y Para que la dha hermita que tubiese sienpre en Pie y bien Reparada dixo la dotava y doto en una carga de Pan mediado mijo y centeno La qual dha carga de Pan

Ponía E situaba Para sienPre jamas sobre El su lugar que se dize de nerga sitos en La dha felegresia de santo andres del huyo (Hío) y En que vibe Rodrigo de Lemos.../”



Fachada da ermida coa inscrición.

Como podemos concluír, esta fundación inclúe varias cláusulas que os sucesores terán obriga de cumprilas co paso do tempo. Juan e Aldonça dotan unha carga de 12 ferrados de pan situados na aldea de Nerga para os reparos necesarios e ornamentación da ermida. Tamén ordenan que se celebre unha misa cada mes e ata tres o día de San Bartolomeu, e que nese día se lle dea de comer aos cregos que as dixeren. Na fachada do santuario e xusto enriba do arco de medio punto e entrada da ermida, reza unha inscrición que fai referencia a esta fundación. Pódese ler a día de hoxe:

“ESTA HERMITA MANDARON HACER JUAN LABADO Y SU MUJER ALDONÇA FRANCA VECINOS DE CANGAS, AÑO DE 1593”.

Descendencia:

Damos fe de que Juan Lavado "El Viejo", así aparece en ocasións, e Aldonça tiveron varios fillos, e o maior en idade nace u sobre o 1580 e chamouse Juan Lavado Franco (coñecido nos documentos como Juan Lavado "El Moço"), polo que deberon casar antes desa data, algún ano antes pero non moitos. Outros fillos foron Constanza, casada con Pedro de Millán, Aldonza, defunta en 1647 e Magdalena Franco que casou con Juan de Romai Abreu. A descendencia multiplícase xa que seguindo a pegada de Juan Lavado "El Mozo" sabemos que casou con Beatriz Vidal de Bahamonde (tamén aparece cos apelidos de Vidal da Veiga). Procrearon ata oito fillos. A saber: Gabriel Franco de Vega que tomou matrimonio con Gregoria de Avalue, Ana Fandiña (esposa de Francisco de Nogueira), María de Veiga (casada co escribán Estevan de Villafane), Bernavé Franco de Vega, Pedro, Esteban, Constança e Beatriz Franca que foi esposa do rexedor Benito Soliño de Avalue.

Unha vez edificada a ermida, Juan e Aldonça fanse no ano 1595 con varias propiedades nos lugares e casais de Vilariño, Liméns e Manle. Atopamos e consultamos documentos do 1696 do Arquivo da Universidade de Santiago. Nun deses documentos aparece o testemuño do labrego San Juan de Vilariño (sic), fillo de Juan de Vilariño como cabeza de foro no arrendamento desta aldea homónima a este apelido que aínda perdura hoxe nesta aldea mariñeira. Podemos dicir que se trata do traslado dun documento, no que se describe o foro de Vilariño en 1595. Nel afirmase o seguinte:

“/ ... parece que el capitán Juan Labado trahía en fuero de la dha dinidad arçobispal dos lugares de limens y bilariño citos en la felegrecía de santo andres do hío, que en uno dellos solía bibir alonso de bilariño y en el otro Juan de bilariño hermanos difuntos por los quales el dho Juan lavado pagava de rrenta y pención en cada un año a su señoría treinta selemines de pan medeado y una gallina y el dho Juan lavado abía echo en los dhos lugares unas casas grandes de sobrado y plantado cantidad de viñedo en las eredades de dhos lugares y por muerte de dho Juan Lavado avía susedido en los dhos lugares Juan Lavado su hixo becino de la villa de cangas el qual traía y poseía los dhos lugares por sí y sus caseros y despues de la muerte del dho su padre abía echo otras casas e lagares, plantado mas viñedo....y avía echo otros perfectos e rreparos de mucho balor y hestimación, utiles y nesesarios que estaban permanentes en los dhos lugares e abía pagado e pagava cienpre asta aora los dhos treinta selemines ... e la gallina e por no tener foro de los dhos lugares ni aberlos presentado en el dho apeo que hisso el dho francisco Suárez de Grado aunque se abía notificado al dho Juan labado el biexo, ni menos Juan Lavado su hixo los avía presentado en el apeo por mi echo aunque se notifico e para aforar los dhos lugares aviendo echo las dilixencias nesesarias avía acudido delante mi San Juan de bilariño hixo del dho Juan de bilariño y me pidio le hiçiese fuero del dho lugar de bilariño en que avía bibido el dho su padre.../”.

Algúnhas das vivendas que hoxe se coñecen en Vilariño como As Cortiñas deben ser primixenias na relación de Juan e Aldonça co casal de Vilariño. É dicir, que estas construcións contan con máis de catro séculos. Entre os bens da capela aparece descrita un formal de casa media asolagada pola area: *“...Una casa que está Cubierta de arena que no vibe en ella ninguna pna. (persona) ... /”.*

En 1601 o capitán mercader (sic) Juan Lavado tamén edifica para el e súa familia unha importante casa que posuía bodega e lagar, fonte e pombal. Tamén se di que esta casa posuía un escudo de armas que foi doado ao Museo de Pontevedra, mais non podemos corroboralo. A esta vivenda pertencían os bens de A Grela, Cova da Bouza e Merlín e que os formalizará como bens anexos ao seu morgado de Vilariño. Terreos dunha boa fertilidade que deron lugar a súa denominación de A Granxa.

A fonte aínda perdura na actualidade e a casa e bodega existen no estado de ruindade. O pombal desapareceu co paso do tempo e división dos terreos. Vendo constatada a ermida e a mencionada granxa, chega a defunción do noso protagonista.

Documentación adxacente ao libro da Capela de Vilariño dinos que finou o 28 de marzo de 1603. Así se acredita nun dos documentos:

“/ ...en veinte y ocho de março de milly seis cientos y tres años se falecio El capitán Juan Labado vzº (vecino) de la Villa de Cangas El qual dexo fundada la capilla y hermita de Sr. Brme. (Bartolomé) En la aldea de villarino... dexola dotada en una carga de pan para sus reparos y despues por su testmto. (testamento) mdo. (mandó) se le dixese en ella por la alma de su muger aldonça franca y suya cada mes una misa y ese día de San brme. Tres misas y de comer a los clérigos... y dexó por patrón a Juan Labado su hijo mayor.../

Hai cláusulas do seu testamento que aseguran o seguinte : / ... *Yten digo que yo y aldonça franco mi muger que dios tiene en el cielo hizimos y edificamos una hermita La abocación del glorioso San bartolomé apostol en La aldea de vilariño ... mexoro y ago mexorar forma a Juan labado mi hijo mayor en hedad de todo El lugar y casal de bilariño, Liméns y Manle con las casas nuevas, viña, e guertas que yo hize, planté en el y heredades pan de renta que se paga En el, ganado grande y menudo que traen los que biven estos lugares que son la muger que fue de domingo de manle y su hijo y hermano, Juan de bilariño, Juº (Juan) mes (Martínez), bárvara de vilariño, antón bicioso e Juan de varra.../”.*

Recalamos na antigüidade do apelido Vilariño, de orixe claramente toponímica.

A partición dos bens do capitán mercader acontecen no 1607. Súa filla Magdalena Franca obterá terras no casal do Con, na aldea de Pinténs, xa que esta aldea estaba composta por dous casais: O Con e Cerral de Pinténs. Estes terreos foron outorgados a Juan Lavado “El Viejo” por cesión de Antonio Costa. Ademais dos bens citados anteriormente que este posuía, tamén tiña propiedades en Rodeira, Punxeiro e Vilanova entre outros lugares.

Por documentación notarial de Domínguez de Lara do ano 1715, sabemos que en anos posteriores á súa defunción, concretamente o 17 de novembro de 1608 ante o escribán Álvaro de Casal, Juan Lavado “El Moço” como sucesor de seu pai e patrón da capela, fai novo foro dos lugares de Vilariño, Liméns e Manle.

Durante o seu padroádego non cumpre na súa totalidade coas cláusulas e obrigas indicadas polos fundadores da ermida. Mais o 9 de maio de 1613 o doutor Álvaro Rodríguez Felguera, visitador xeral do Arcebispo de Santiago, asegura:

“/ ... que la dha Hermita hestá decente y bien rreparada .../ E nos mandatos indica que / ... el Patrón tenga cuidado de cumplir con la la clausula de la dha fundación....que compre un caliz de plata que sea bueno y un missal y lo mas necesario Para dezir misa.... y A las personas y caseros que pagan Renta a la dha capilla y Hermita y sobre la que hestá situada acudan a ella al dho Juan Lavado Patrón Para que cumpla con la dha fundación y obligación de misas y sacrificios y se lo paguen por sus plaços.../”.

En caso de incumprimento por parte do patrón como dos caseiros, estes expúñanse á pena de excomuniación maior. Corre o ano de 1617 e nos primeiros días do mes de decembro, cremos que xusto horas despois de que a vila de Cangas fose invadida polos turco-berberiscos, Vilariño foi atacada polos mesmos roubando obxectos da ermida e queimando o templo. As anotacións do libro da capela acreditan o seguinte:

“/ ... de componer y pintar El cristo y algunas imagenes que estaban maltratadas... todas las imagenes de la dha hermita que habían quebrantado y maltratado los moros el año pasado de seiscientos y diez y siete.../”.



Interior da capela

O vínculo creado por Juan Lavado e Aldonça Franco, pasou a Juan Lavado Franco e Beatriz Vidal. Seguiu no notario Gabriel Franco de Vega e a continuación no seu fillo Juan de Vega Alemparte. Despois foi sucesor seu primoxénito Fernando de Vega Alemparte. Posteriormente o novo propietario da facenda dos Lavado cae no fillo de Fernando, don José Antonio de la Vega Alemparte. José Antonio finou o 24 de xuño de 1779, senda esposo de dona Isabel de Caamaño. Continúa coa herdanza das propiedades o fillo deste don

Manuel Felipe de la Vega Alemparte y Caamaño que casou en Tirán o 30 de agosto de 1758 con dona Elena de Santos y Romay.

Seguindo na descendencia, atopamos ao seu fillo Juan José de Vega bautizado na citada parroquia o 17 de febreiro de 1761 que casará con dona Josefa Pereira Sotelo. Juan José declara o 27 de abril de 1792 ante o notario Benito Antonio García Guardado o seguinte: */... Dn Juan Joseph de Vega vecino de la fra. De San Andrés del Hío poseedor del Vínculo fundado por Dn. Juan Lobado y dixo Que a dho vínculo son pertenecientes dos Pedazos de Monte que se hallan en abierto sin el mas leve producir para el y sus poseedores, que se hallan sitos en la Aldea de Vilariño ... el uno en el Monte que llaman de San Bartolomé ... y el otro en donde llaman Coba da Bousa de arriva ... /.*

**(Publicado en “Venerable Hermandad de la Stma. Virgen de los Dolores y Soledad”.
Marzo, 2024. Cangas)**